



## CONCURSO FOTO PLAN DE IGUALDADE

### BASES:

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten asumido un firme compromiso en favor da igualdade entre homes e mulleres. Con fin de promover esta igualdade de dereitos e oportunidades e de suprimir os obstáculos que existen na nosa sociedade e que impiden o pleno desenvolvemento da igualdade entre sexos, a Comisión de Igualdade do CIFP Imaxe e Son de A Coruña convoca o

### I CONCURSO FOTOGRÁFICO POLA IGUALDADE

#### PARTICIPANTES, TEMÁTICA, CONDICIÓNS E PRAZOS DE PARTICIPACIÓN

O concurso vai dirixido a todo o alumnado de centros públicos de Galicia que estea matriculado nalgún dos ciclos da familia profesional de Imaxe e Son ou de centros públicos de Galicia matriculado en módulos de fotografía nas Ensinanzas Artísticas durante o presente curso 2019/20.

A temática das imaxes versará sobre a igualdade entre homes e mulleres e a eliminación dos estereotipos de xénero utilizando a fotografía como ferramenta. O obxectivo é concienciar a comunidade escolar sobre todo o relacionado coa violencia de xénero, o acoso escolar e laboral, a discriminación por razón de sexo, a conciliación laboral, a brecha salarial e temas afíns a través da fotografía.

Cada participante poderá presentar un máximo de dúas fotografías. Non se admitirán aquelas imaxes que leven sinatura ou calquera outra marca identificativa.

As imaxes presentaranse en formato dixital cunhas dimensións máximas de 2.500 píxeles no lado maior e mínimas de 1.500 píxeles no lado menor. O formato de presentación será JPEG en modo de cor RGB.

O envío das fotografías farase á seguinte dirección electrónica: [concursofotoigualdade@gmail.com](mailto:concursofotoigualdade@gmail.com). No correo enviaranse a/as fotografía/as presentadas sin firma nin identificación na propia imaxe; no texto do correo incluíranse os datos identificativos do participante (Nome e apelidos, DNI, enderezo e declaración xurada de estar matriculado nun ciclo formativo da familia de Imaxe e Son ou en módulos de fotografía das Ensinanzas Artísticas durante o presente curso 2019/20 especificando o centro de orixe).

Cada participante garante que é autor/a único/a das fotografías e titular de todos os dereitos de autor/a das mesmas. A organización do concurso asume que o autor/a ten todos os permisos dos retratados/as.

Os participantes ceden á organización do concurso a difusión por calquera medio das imaxes presentadas durante o presente curso 2019/20.

A/as obra/s presentaranse entre o 1 e o 19 de decembro de 2019. A decisión do xurado farase pública na páxina web do CIFP Imaxe e Son de A Coruña e nas súas redes sociais (Facebook e Instagram) antes do 31 de decembro.



## PREMIOS E COMPOSICIÓN DO XURADO

Publicarase un libro de fotografías cunha selección das obras dos participantes a criterio do xurado. No libro reseñaranse aos/as autores/as con mención especial aos/as premiados/as. Os alumnos con obras seleccionadas e os seus centros recibirán varios exemplares do libro; tamén se distribuirá entre outros centros de ensino da nosa comunidade autónoma e outras entidades de carácter cultural.

Ademáis da publicación do libro, establécese unha dotación de 500€ de premios en material fotográfico/audiovisual. Depedendo da calidade das obras presentadas, e a criterio do xurado, esta dotación económica poderá ir a un/unha só/soa autor/a ou dividirse a partes iguais entre varios participantes gañadores/as.

Os premios económicos serán fallados antes do 31 de decembro de 2019. A publicación do libro de fotografías farase durante o ano 2020.

O xurado estará composto por profesores do CIFP Imaxe e Son de A Coruña en número por determinar; tamén se invitará a algún membro externo á escola de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía.

A presentación de traballos a este concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases.